



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO DO CONCURSO: UNHA ESTATUA DE MAN, O ARTISTA DE CAMELLE

O Concello Camariñas pretende adquirir unha escultura mimética de Manfred Gnädinger, o alemán de Camelle, con dita finalidade se convoca o presente concurso de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira

O presente concurso ten por obxecto a adquisición, previa selección por un xurado á vista da proposta/proxecto presentado, dunha escultura mimética de Manfred Gnädinger, o alemán de Camelle, por un importe máximo de 4.000 € (non estando incluídos neste importe os impostos que resulten de aplicación).

Segunda

Poderán participar todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que presenten obras inéditas.

Cada participante so poderá presentar un único proxecto.

Terceira

Documentación a presentar:

1.- **Sobre A**, identificado no exterior cun lema, sendo o seu contido o seguinte:

1.1.- Proxecto impreso en A3 no que conste o lema. Neste proxecto deberán constar as seguintes partes:

1. Memoria descritiva do proxecto.
2. Documentación gráfica.
3. Descrición total do proceso de execución da peza e da súa instalación, no que se incluírá os prazos previstos para a execución e instalación, tendo en conta que a data límite é o 15 de xuño de 2015.
4. Valoración económica da creación e execución da peza por un importe máximo de 4.000 € (non estando incluídos neste importe os impostos que resulten de aplicación).

1.2.- Proxecto en soporte dixital.

2.- **Sobre B**, pechado e identificado no exterior co lema indicado no Sobre A, sendo o seu contido o seguinte:

1. Solicitude de participación no que constarán os datos do autor e o lema.
2. Dossier do autor, no que se inclúa o seu currículo e unha e mostra das súas principais obras e lugares públicos nos que esteán instaladas.
3. Fotocopia do DNI.

O proxecto será unha proposta de deseño e execución de unha estatua de tamaño natural realizada con material axeitado para resistir as adversidades metereolóxicas



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

da Costa da Morte, posto que a estatua se ubicará oa aire libre en Camelle.

Serán rexeitados os proxectos asinados.

Cuarta

O prazo de entrega da documentación sinalada no apartado anterior finaliza o 23 de marzo de 2015. Presentarase no Rexistro Xeral do Concello (Praza de Insuela, nº 57, 15123- Camariñas) en horas de oficina, de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres, e de 9:00 a 13:00 horas os sábados. Tamén se poderá presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e neste caso os concursantes deberán comunicalo necesariamente mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo.

Quinta

O xurado estará integrado por personalidades relevantes do mundo artístico, cultural e social, a súa designación corresponde ao Alcalde de Camariñas.

A composición do xurado darase a coñecer con anterioridade a súa reunión, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello de Camariñas.

A selección da proposta gañadora se fará con arranxo aos seguintes criterios de valoración:

- A calidade e valor artístico do deseño. Ata 40 puntos.
- Idoneidade da técnica e materiais a empregar na súa materialización como escultura real. Ata 20 puntos.
- Viabilidade. Ata 40 puntos.

As deliberacións do xurado serán secretas, de cada sesión que celebre o xurado se levantará a acta correspondente.

O concurso poderá ser declarado deserto, se así o considera conveniente o xurado.

A decisión do xurado farase pública no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Sexta

A obra seleccionada polo Xurado será adquirida polo Concello de Camariñas unha vez executada.

O importe a abonar polo Concello será o que se fixo constar no Sobre A.

A adquisición da obra supón a extinción do dereito de explotación polo seu autor, se ben permanecerán inalterables os dereitos morais que lexislación lle confire.

Para os efectos do cobro, o autor deberá presentar a preceptiva factura, na que se farán constar os impostos que lle sexan de aplicación.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Sétima

A obra será ubicada polo Concello en colaboración co seu autor diante da Casa do Alemán de Camelle.

A escultura deberá estar instalada definitivamente na súa ubicación antes do 15 xuño 2015, polo que deberá ser entregada coa antelación suficiente.

Oitava

A participación nesta convocatoria implica supón a total aceptación destas bases.

Camariñas, a 2 de marzo de 2015.

O Alcalde,

Asd.: Manuel Valeriano Alonso de León

